

posibilidades  
oportunidades  
revitalización  
soluciones

**LOCAIS COMERCIAIS LIBRES:**  
unha oportunidade

**SAN PEDRO PARA VIVIR. SAN PEDRO PARA TRABALLAR**

No marco do programa europeo Urbana Santiago Norte, cofinanciado pola Unión Europea a través do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, a Concellaría de Comercio do Concello de Santiago de Compostela promove o proceso de dinamización e revitalización comercial *San Pedro para vivir, San Pedro para traballar*.

O seu principal obxectivo é o de favorecer o desenvolvemento do tecido económico local, contribuíndo ao mantemento e apertura de novos comercios e negocios nos diferentes locais comerciais existentes na zona, así como dar a coñecer o potencial e usos alternativos destes espazos.

Neste sentido é de vital importancia contar coa participación activa das persoas que viven, traballan ou consumen nos barrios. Comerciantes, empresariado, persoas propietarias de locais, posibles persoas emprendedoras e veciñanza, son os principais axentes sobre os que vai a xirar este traballo. A colaboración e a implicación activa son fundamentais.

## Como imos a desenvolver este traballo?

Queremos contar coa vosa colaboración, escoitando directamente as vosas necesidades, traendo experiencias novidasas no aproveitamento de locais comerciais, traballando en grupo para ver como se poden poñer en consonancia os intereses de todas as persoas participantes, co obxectivo de revitalizar os barrios.

Para isto vanse realizar dúas charlas: unha relacionada coa tramitación de licenzas municipais para a apertura de locais e outra sobre a optimización no aproveitamento de locais baleiros. Posteriormente terán lugar dous grupos de traballo: un sobre o aproveitamento dos locais como recurso para a dinamización e as oportunidades de negocio no barrio, e outro, sobre boas prácticas comerciais. En dúas sesións afondarán na diagnose destas temáticas e na realización de propostas de mellora.

O proceso rematará cunha charla que terá como obxectivo a dinamización do eixo comercial do barrio como exemplo de área comercial urbana e, ao seu remate, coa posta en valor de todas as achegas que se realizaron durante o proceso.

## CONFERENCIA

### *As posibilidades de uso e o potencial dos locais baleiros*

Conferencia aberta a público interesado

**Martes 11 de xuño**

20:30 a 22:00 horas

Salón de Actos, Centro Don Bosco  
Rúa Belvís, 2

## CONFERENCIA

### *Axilización do proceso de obtención de licenzas municipais para a apertura de negocios*

Conferencia aberta a público interesado

**Xoves 13 de xuño**

20:30 a 22:00 horas

Salón de Actos, Centro Don Bosco  
Rúa Belvís, 2

## GRUPO DE TRABALLO PARTICIPATIVO

### *Aproveitamento de locais como motor de dinamización local.*

#### *Oportunidades de negocio*

Destinado principalmente a persoas propietarias de locais e persoas emprendedoras

1ª Sesión. **Martes 18 de xuño**

De 20.15 a 22.00 horas

Centro Sociocultural da Trisca  
Corredoira das Fraguas, 92

2ª Sesión. **Martes 25 de xuño**

De 20.15 a 22.00 horas

Salón de actos do  
Museo do Pobo Galego

## GRUPO DE TRABALLO PARTICIPATIVO

### *Mellora das prácticas comerciais*

Destinado principalmente a comerciantes, persoas titulares de negocios e persoas que consumen no barrio

1ª Sesión. **Xoves 20 de xuño**

De 20.15 a 22.00 horas.

Centro Sociocultural da Trisca  
Corredoira das Fraguas, 92

2ª Sesión. **Xoves 27 de xuño**

De 20.15 a 22.00 horas.

Salón de Actos do Museo do Pobo Galego

## CONFERENCIA FINAL

### *Dinamización e posta en valor de áreas comerciais urbanas.*

*Exemplo: eixo comercial San Pedro-Concheiros*

**Mércores 3 de xullo**

20.30 a 22.00 horas.

Salón de Actos do  
Museo do Pobo Galego

## INSCRICIÓN

Por correo electrónico [[comercio@santiagodecompostela.org](mailto:comercio@santiagodecompostela.org)]  
coa indicación dos seguintes datos:

- Nome e apelidos
- Teléfono e correo electrónico de contacto
- Perfil  
(titular de negocio, veciño/a, persoa emprendedora,  
persoa propietaria de local baleiro, ou outros).


## PARA MÁIS INFORMACIÓN:

Concellaría de Comercio. Concello de Santiago de Compostela  
Rúa do Alcalde Raimundo López Pol, s/n. Edificio CERSIA  
Tel.: 981 542 493

[www.santiagodecompostela.org](http://www.santiagodecompostela.org)  
[www.cersiaempresa.org](http://www.cersiaempresa.org)

Proxecto Urbana Santiago Norte. Concello de Santiago de Compostela  
Rúa de Betanzos nº 55 (anexo Escola Municipal de Música)  
Tel.: 981 543196

[www.urbanasantiagonorte.org](http://www.urbanasantiagonorte.org)



"Unha maneira de facer Europa"

**SAN PEDRO PARA VIVIR. SAN PEDRO PARA TRABALLAR**